

**PROTOCOLO de:**

**“PLAN DE  
ADAPTACIÓN Á  
SITUACIÓN COVID-19  
NO CURSO 2020-21”**

**para a ESCOLA INFANTIL  
MUNICIPAL ARELA.**

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

ARELA

**PROTOCOLO de: “PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19 NO CURSO 2020-21” para a ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ARELA.**

**PUNTOS DO DOCUMENTO**

- 1- Presentación
- 2- Obxectivos
- 3- Medidas de prevención básica.
- 4- Medidas Xerais de Protección Individual.
- 5- Medidas de limpeza
- 6- Medidas de carácter organizativo
- 7- Medidas de relación coas familias e ANPAS
- 8- Medidas específicas para o uso doutros espazos
- 9- O persoal da escola.
- 10- Persoal de limpeza e xardinería.
- 11- O Período de Adaptación.

## 1.- PRESENTACIÓN

Este protocolo establécese para a ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ARELA, con dirección en Avenida de Oleiros s/n, na Coruña, con teléfono 981 23 77 17 e correo electrónico eiarela@hotmail.com

O pasado 12 de marzo de 2020, estableceuse a suspensión da actividade en tódolos niveis educativos, e logo de rematar o Estado de Alarma , a Consellería de Política Social e a súa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica , prolongou o peche das Escolas Infantís de Galicia ata Setembro do 2020.

En xuño de 2020 a Consellería publicou o PROTOCOLO PARA AS ESCOLAS INFANTIS 0-3 FRENTE AO CORONAVIRUS APLICABLE A ESCOLAS INFANTIS, CASAS NIÑO, PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA, ESPAZOS INFANTÍS E LUDOTECAS, onde establece as medidas de aplicación ante a “nova normalidade” para o funcionamento a partir de setembro co reinicio da actividade con todas as condicións de seguridade tanto para @s nen@s, persoal e familias.

Tamén teremos en conta as medidas que dende os organismos oficiais esixan as Escolas Infantís en canto as medidas de garantía para @s traballadores/as e usuarios/as, así como as recomendacións dadas pola Empresa Previsor, que é a empresa de Prevención de Riscos Laborais que ten contratada a Empresa Carinbersana, S.L , concesionaria da Escola Infantil Municipal Arela.

Este documento é PRÁCTICO, fundamentado nos anteriores documentos xa nomeados, adaptados a nosa Escola e a nosa realidade diaria.

Da redacción deste Protocolo se informará a toda a Comunidade Educativa e tamén estará á vista de todas as persoas que desexen velo.

## 2.- OBXECTIVOS

- Establecer o marco de actuación para a toma de decisión durante o proceso de reactivación da Escola, garantindo a seguridade d@s traballadores/as , @s alumnos/as e as familias.
- Informar das medidas que se establecerán.
- Fomentar a responsabilidade e a prevención na escola.
- Ser conscientes dos riscos de contaxios e de cómo afrontalos.
- Adoptar medidas de prevención para minimizar os riscos nos nosos postos de traballo.
- Dotar a Escola dos materiais necesarios para levar a cabo este protocolo.
- Dar a coñecer e cumprir as exixencias legais establecidas polas autoridades comunitarias.
- Marcar pautas claras de actuación para previr posibles contaxios.
- Marcar pautas de actuación ante un abrocho na Escola.

### 3.- MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS.

O equipo COVID-19 de este centro está formado por :

- ✓ BERTA CORRAL ALONSO , directora da EIM Arela.
- ✓ JUAN CARLOS ABALDE REYES, xefe de estudos da EIM Arela

Estas persoas serán as responsables da coordinación das medidas de prevención e control da COVID-19 que se establecen neste documento.

Serán os encargados de contactar coa Xefatura Provincial de Sanidade si existise algún abrocho ou algún caso sospeitoso, para desta forma coordinar as medidas de control deste.

O Centro de Saúde de referencia da Escola será o Centro de Saúde de Elviña, na rúa Alexander Von Humboldt, s/n, 15008 A Coruña, con teléfono: 981 24 71 77.

No caso de que o persoal da escola tivera febre con máis de 37º durante a xornada lectiva debe marcharse ó seu domicilio, evitando contacto con outras persoas, chamar ao seu Centro de Saúde onde se lle informará sobre o protocolo a seguir.

En caso de ser un neno ou nena o que presente síntomas compatibles co COVID-19 durante a xornada, as **familias deberán presentarse no centro coa maior brevidade posible, polo que deberán estar localizables en todo momento.** O neno ou nena sintomático/a dentro do centro debe ser separado/a do resto d@s nen@s á espera da chegada do pai ou nai.

@ alumn@ se levará a SA DE MESTRES, preparada para isto, con boa ventilación e papeleira de pedal. O adulto que sexa designado para este fin debe estar con MÁSCARA FFP2, unha vez que recollan o neno ou nena, debe tirarse esa máscara dentro dunha bolsa no papeleira de pedal específica de COVID-19.

#### 4.- MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL.

O persoal da Escola Infantil Municipal Arela realizou, antes do inicio do curso 2020-2021 unha formación sobre COVID-19, onde se fala do uso adecuado das máscaras de protección, a hixiene de mans e a distancia social, entre outros temas relacionados coa pandemia que estamos a vivir.

Estableceremos normas de uso das instalacións onde se desenvolva o traballo e os espazos compartidos sobre as medidas preventivas que imos adoptar.

##### \*MEDIDAS PREVENTIVAS :

- Lembrar o uso obrigatorio da MÁSCARA en todo momento, dado que na Escola por idade d@s nen@s non se pode garantir a distancia de seguridade.
- Ter a disposición d@s traballores/as e dos usuarios os medios necesarios para poder hixienizarse en todo momento ( agua e xabón, ou solución hixienízante, así como toallas de papel de un só uso).
- Dispor en cada estancia de contedores de residuos con tapa e pedal para a eliminación de residuos xerados como panos de papel, toallas de papel, máscaras, luvas...  
A papeleira de pedal conterá unha bolsa de plástico que unha vez rematada a xornada laboral ou no caso que un/unha traballador/a ou nen@ presente síntomas compatibles, pecharase e se introducirá nunha segunda bolsa que tamén será pechada e depositada no contenedor de lixo correspondente.
- A roupa e calzado de traballo será de uso exclusivo do centro. En ningún caso se virá da casa con ela posta, ao rematar a xornada diaria será lavada e desinfectada.
- Os documentos achegados polas familias serán preferiblemente escanados para o seu arquivo informático co fin de minimizar o contacto coa documentación física presentada. Tras a manipulación deste documentos prestarase unha especial atención ao lavado de mans ou desinfección con solución hidroalcohólica.
- Cubrir sempre as vías respiratorias cun pano dun só uso ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado.
- Evitar tocarse os OLLOS, o NARIZ e a BOCA, xa que as mans facilitan a transmisión.

## 5.- MEDIDAS DE LIMPEZA

- Reforzaremos a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene. Utilizaremos o listado de virucidas indicados polo Ministerio de Sanidade.
- Intensificaranse as frecuencias de limpeza de elementos máis comunmente usados e tocados, sobre todo nos momentos de entrada e saída de usuarios e usuarias ao centro.
- Os espazos de uso común, o equipamento e utensilios ( obxectos, mesas, superficies, pomos, portas, teléfonos, aparellos de música e aqueles outros como pasamáns, as barras das portas antipánico, billas, interruptores, etc...) se limparan e desinfectarán frecuentemente durante a mañá e despois de cada uso.
- Desinfección diaria de papeleiras e caqueiros

## 6.- MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

### ✓ MOMENTOS DE CHEGADA e SAÍDA E ACCESO A ESCOLA.

- Antes de vir á Escola as familias teñen que controlar a temperatura corporal d@s nen@s, e no caso de ter 37 °C ou máis, non poderán vir ao centro.
- O alumnado que presente síntomas como: febre, tusidos, dificultade respiratoria ou ter estado en contacto directo con persoas infectadas por Covid-19 ou en corentena, tampouco poderán entrar na escola.
- Para entrar na escola é necesario:
  - Os adultos debe entrar con máscara, hixinizarse as mans co xel hidroalcohólico, desinfección de calzado e manter as distancias de seguridade.
  - No caso d@s nen@s se lavarán as mans con auga e xabón ao chegar a aula e desinfección do calzado no caso d@s nen@s que veñan andando.
- O/A nen@ só poderá vir acompañado por un ÚNICO ADULT@, o mesmo que para recollerlo, procurando que sexa sempre a mesma persoa.
- Para as entradas e saídas, establecerase un circuito sinalizado que deberedes respectar, así como a distancia de seguridade en todo momento. Para evitar desprazamentos innecesarios pola escola deberedes ter clara que aula tedes asignada.
- @s alumn@s das aulas 1, 2 poderán acceder directamente á porta da aula. Acceso directo dende a porta de entrada baixando pola rampla.
- @s alumn@s da aula 3 ( @s máis pequen@s de 1 -2 anos) poderan acceder directamente a súa aula. Acceso dende a porta de entrada pasando por diante da oficina a primeira aula.
- @s alumn@s das aulas 4, 5 ( nen@s de 1-2 anos) e tamén das aulas 6,7,8 ( nen@s de 2-3 anos) non poderán acceder directamente á súa aula. Haberá



unha zona habilitada para a súa recepción que estará situada accedendo dende a porta de entrada á Escola, pasando pola oficina ó final do corredor, diante da porta da cociña. Neste espazo, estableceranse unha serie de puntos sinalados, onde o adulto debe descalzar @s nen@s e gardar os zapatos nunha bolsa hermética de plástico, o mesmo que fará co abrigo, que irá noutra bolsa de plástico, que quedarán na Escola; dende alí serán levados as súas aulas por persoal da escola onde se lles poñerá un calzado de uso exclusivo para estar na Escola. Todo este proceso tentarase facer o máis rápido posible para axilizar as entradas e saídas da escola.

✓ **OUTRAS NORMAS XERAIS DE ORGANIZACIÓN**

- Non se poderá acceder en ningún momento ó interior da escola cos carriños d@s nen@s.
- Unha vez superado o período de ADAPTACIÓN, procurade manter sempre uns horarios fixos para que dende a escola organicemos unha entrada e saída rápida, ordenada e escalonada.
- Nos momentos de entrada e saída é importante respectar as distancias e esperar con calma a quenda para deixar ou recoller @s cativ@s, evitando en todo momento calquer tipo de AGLOMERACIÓNS.
- Deberán ter calcetíns grosos antideslizantes na escola.
- Aqueles nen@s que quedan na escola a partir das 13 horas e non fagan comedor, hai que recollelos antes das 13:30, de non poder cumprir con este horario terán que utilizar o servizo de comedor.
- Non se poderán traer xoguetes da casa.
- As comidas ( nos casos de menores de 12 meses e/ou alérxicos) virán nun recipiente térmico con tapa ou bolsa térmica con frío. Tanto a bolsa como o recipiente serán desinfectados na aula.

- Todo o que o material que veña de casa deberá estar PERFECTAMENTE ETIQUETADO.
- Na escola, teñen que ter como mínimo, unha muda completa metida nunha bolsa “zip” de plástico cerrada, e os cueiros e toallíñas deberán vir no seu envase orixinal pechado.
- Deberedes ter os TELÉFONOS actualizados na oficina e sempre funcionando por si temos que poñernos en contacto con vós.

✓ **MEDIDAS NAS AULAS.**

- Ao chegar á aula, deberemos lavar as mans dos nenos e nenas con auga e xabón.
- As nenas e nenos beberán por vaso ou biberón de uso exclusivo da escola, con limpeza e desinfección diaria.
- Evitarase ou reducirase ao máximo posibles as interaccións e intercambios entre as nenas e nenos das distintas aulas ao longo de todos os momentos da xornada.
- Desinfección constante de xoguetes e material que empreguemos.
- Non prestaremos roupa doutr@s nen@s e evitaremos, na medida do posible, o préstamo de roupa da escola.
- Cada vez que un neno ou nena vaia ao baño deberemos lavarlle as mans con auga e xabón.
- Cada vez que un neno ou nena utilice o baño, este será desinfectado.
- Os termómetros das aulas serán ser desinfectados antes e despois de cada uso.
- Realizaremos unha ventilación frecuente das aulas.
- Procuraremos empregar o máximo posible o xardín en lugar do patio ( estableceremos tempos e zonas).

- Reduciremos ao máximo os desprazamentos dos grupos pola escola.
- Para a limpeza do nariz empregaranse os panos de papel dun só uso que deben ser eliminados de forma inmediata nun contenedor con tapa.
- Lavado frecuente e esterilización diaria de chupetes e biberóns de uso exclusivo da escola.
- Usaremos materiais que se poidan limpar e desinfectar, axeitados segundo o grupo de idade, xerando distintas posibilidades de xogo.

✓ **O ALMORZO DE MEDIA MAÑÁ E COMEDOR**

- O refrixerio de media mañá servirse sempre de xeito individualizado para evitar que os cativos e cativas compartan utensilios.
- O tipo de almorzos que poden traer, polo momento á Escola, son :  
FROITA, GALLETAS, FIAMBRE ENVASADO, PAN TOSTADO, PAIÑOS DE PAN, CALQUER OUTRO QUE VEÑA ENVASADO.
- Manteremos as distancias de seguridade entre nen@s nas mesas de comedor na medida do posible, para evitar o intercambio de comida e utensilios.
- Non se tocará ningún alimento coa man. A froita, pan, queixo, croquetas... serviranse con pinzas en pratos ou cuncos.
- Evitarase, nestes primeiros momentos, o uso do cepillo de dentes. Esta rutina incorporárase no momento que o equipo poida garantir o uso correcto por parte dos nenos e nenas.

✓ **MOMENTOS DE DESCANSO E SONO**

Neste apartado debemos diferenciar entre dous momentos: o momento do descanso na aula e o momento da sesta de 14 a 16 horas.

- Nas aulas 1 e 2 @s cativ@s durmirán tanto no momento de descanso como na sesta cada un/ unha no seu berce, que estarán debidamente protexidos cos coxíns protectores para evitar o contacto entre cativ@s. Estes serán limpados e desinfectados con frecuencia.
- A sabana baixeira do berce será proporcionada pola escola e se lavará semanalmente ou no momento que o necesite; as familias deberán traer o seu saco de durmir para o berce do seu neno ou nena.
- Na aula 3 @s nen@s durmirán no dormitorio anexo a aula, e cada un e unha no seu berce ou colchoneta. O mesmo que nas aulas 1 e 2 a sabana baixeira será proporcionada pola Escola e as familias deberán traer o saco de durmir.
- Aqueles nenos ou nenas que durman en hamaca deberán traer un protector para ela, que ser levará a casa cada venres.
- O dormitorio para as aulas 4, 5, 6, 7 e 8 farase no patio interior da escola.
- Non espiremos @s nen@s, so quitaremos sudadeira e zapatos.
- Limparemos as hamacas unha vez utilizadas antes de volver a apiñalas.
- Nas hamacas non se empregará sabana baixeira para unha mellor desinfección logo de utilizala, só teremos o saco de durmir que se meterá nunha bolsa para utilizar o día seguinte e que se levará a casa cada venres a lavar.

## 7.- MEDIDAS DE RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS.

Para Arela é moi importante a relación coas FAMILIAS, e tentaremos que con esta “nova normalidade” que a nosa forma de traballar con elas non se vexa alterada de forma drástica, tentando que a comunicación continúe sendo fluída utilizando todas as plataformas posibles para este fin.

- Informaremos ás familias da existencia deste protocolo e tamén enviaremoslles unha carta antes de comezar o curso para que coñezan as normas que levará a cabo a escola para un bo funcionamento durante este período de nova normalidade.
- Previa á incorporación á escola as familias asinarán un documento responsable de non ter sintomatoloxía, nin manter contacto estreito con persoas con COVID-19 activo nos últimos 14 días e co compromiso de comunicar calquera circunstancia que poida acaecer en calquera momento do curso a este respecto.
- As familias tomarán a temperatura dos nenos e nenas na casa antes de levarlos á escola, e os e as que teñan febre ( máis de 37°), tose ou síntomas respiratorios non acudirán ao centro. De igual modo, aqueles que mantiveron contacto cunha persoa positiva dentro ou fóra da unidade familiar deberán permanecer no domicilio.
- Como xa establecemos no punto 3 deste protocolo, se o neno ou nena presenta síntomas ou febre durante a xornada escolar, as FAMILIAS deberán presentarse no centro coa maior brevidade posible, **POLO QUE DEBERÁN ESTAR LOCALIZABLES EN TODO MOMENTO.** O rapaz ou rapaza sintomático dentro do centro será separado do resto dos nenos e nenas á espera da chegada dun membro da familia.
- A entrega e recollida, serán realizadas como xa marcamos no punto 6 deste protocolo.
- As familias serán as encargadas de retirar o abrigo e os zapatos do neno ou nena dentro das zonas habilitadas para o efecto.
- Non pasarán ao interior da escola, salvo por indicación do persoal, empregándose nese caso calzas.
- Para unha chegada e entrega graduada dos nenos e nenas, pregarase puntualidade e cumprimento estrito do horario que previamente foron acordados.
- Manteranse as distancias sociais entre eles, agardando fóra do espazo habilitado polo centro no caso de ser necesario para evitar o incumprimento das distancias esixidas.
- Só acudirá un **ADULTO POR NENO OU NENA.**
- As familias non deixarán os carriños na Escola.

- En relación a comunicación coas familias priorizaremos a vía on-line ou telefónica.
- Quedan suspendidas todas as xuntanzas e actividades de ANPAS nas instalacións do centro, e regularase con posterioridade as xuntanzas necesarias do Consello Escolar ou outros órganos de representación, a través doutros medios que non menoscaben a participación dos ditos órganos no debido funcionamento da escola.
- As reunións de aula, se realizarán no patio interior da Escola e só poderá asistir un adulto por neno/a. Sempre fóra do horario lectivo e gardando todas as medidas preventivas que se establezan polas autoridades competentes para cada momento.
- Evitaremos aglomeracións e eventos grupais ( festas, celebracións...)

ESCOOLA INFANTIL MUNICIPAL

AREELA

## 8.- MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS.

### ✓ OFICINA

- O horario de oficina será pola mañá.
- A atención ao público será preferentemente vía telefónica ou vía on-line, no caso de non ser posible a atención ó público será de un en un, o aforo da oficina será de 1 persoa.
- Na oficina estarán dous traballadores.
- Todo documento que as familias podan enviar por correo electrónico será aceptado e se lles motivará para que fagan uso do mesmo mediante vía telefónica en vez de presenza na oficina.
- Tras a atención e manipulación de documentos traídos polas familias, procederase á correcta desinfección das mans.
- Unha vez que se termine de atender a unha familia, se procederá á desinfección da mesa, pomos...
- A fotocopiadora se desinfectará despois de cada uso.

### ✓ SALA DE MESTRES/AS

- Non poderán estar máis de dúas persoas na sala de ordenadores, cada un ocupárase de desinfectar antes e despois de utilizar o ordenador.
- Eliminaremos lapiceros e material de uso común, cada un terá o seu propio material nun estoxo.
- Durante o tempo que dure esta “nova realidade”, deberemos axilizar o tempo de traballo e priorizar o traballo en casa.
- Unha vez que o persoal de limpeza hixienice as aulas NON SE PODERÁ ACCEDER A ELAS.
- Na sala de taquillas, temos que cambiarnos axilizando o tempo, porque non podemos coincidir máis de dúas persoas nela.
- Cando usemos os baños temos que desinfectalo.
- Todas as salas serán ventilas con frecuencia.

✓ COCIÑA

- Non se pode entrar na cociña.
- Non se poderá compartir ferramentas establecendo tarefas claras, separadas e individuais, tentando manter a máxima distancia posible.
- Antes de comezar a traballar debemos facer limpeza e desinfección das superficies do traballo.
- Os provedores deixarán a mercancía na mesa do comedor onde se desinfectará a mercancía antes de gardala. Non pode quedar no chan.
- Dende a cociña, débense establecer horarios de entrega cos provedores.
- É obrigatorio o uso de máscara.
- Ventilación frecuente da cociña e do comedor.

✓ PATIO

- Tentaremos usar o XARDÍN todo o que sexa posible, e ó saír deixar ventilando a aula.
- Continuaremos cos tempos de patio e tamén debemos establecer o tipo de material que usaremos no xogo, de tal forma que cada aula xogue co SEU MATERIAL designado para ese día.
- O material utilizado deixarase nun espazo establecido para a súa desinfección.
- Os educadores e educadoras velaran polas medidas de prevención e hixiene.
- Deberemos lavar ou desinfectar as mans dos nenos e nenas á volta do patio e do xardín.



## 9.- O PERSOAL DA ESCOLA

- O persoal da Escola Infantil Municipal Arela, está formado por: directora, xefe de estudos, 8 titoras, 5 educadores de apoio, unha profesora de inglés e dúas cociñeiras.
- Tomarase a temperatura do persoal a entrada á Escola e anotarase no papel de rexistro de entrada e saída.
- Todo o persoal ten establecido un horario de entrada e saída de forma escalonada, para que non se formen aglomeracións.
- Acondicionamos outro espazo como vestiario para que non coincidamos moitos á vez e tamén poidamos manter a distancia de seguridade
- calzado do persoal gardarase nunha bolsa de plástico, tipo zip, dentro das taquillas ou nunha caixa no caso do que os zapatos non entren na taquilla.
- Tamén se habilitará un zapateiro para este fin, e sempre os zapatos dentro dunha bolsa.
- Calzado e roupa debe ser de uso exclusivo do centro de traballo e débese lavar a diario.
- Non se pode compartir o material de profesorado ( bolígrafos, tesoiras...), para isto dende a Escola se lles proporcionará un kit de material persoal.
- material para a limpeza das aulas, estará en cada aula, agás nas aulas 1, 2 e 4 que estarán na sala de limpeza etiquetada co nome da aula.
- As xuntanzas de traballo realizaranse no patio ou nas aulas sempre respectando as distancias de seguridade, desinfectando o rematar o espazo utilizado.
- Tentaremos que ao remate da xuntanzas as saídas sexan de forma escalonada sempre que sexamos un grupo amplo.

## 10.- PERSOAL DE LIMPEZA E XARDINERÍA.

- Reforzar a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene. Utilizarase o listado de virucidas indicados polo Ministerio de Sanidade.
- O persoal de limpeza e xardinería atenderá os seus propios protocolos de seguridade laboral e persoal impostos polas súas propias empresas, así como ao indicado pola Escola.
- Todos deberán seguir as instrucións respecto do acceso ao centro, o uso de calzas, as chegadas graduadas, o traballo fóra das horas lectivas sempre que sexa posible, e a non concorrencia con moitos traballadores ou traballadoras no mesmo espazo, procurando que se manteñan convenientemente ventilados.
- Non tocar superficies, pasamans, portas e outros elementos que non sexan imprescindibles para o desenvolvemento das súas tarefas.
- O persoal de limpeza reforzará con produtos adecuados e previamente contrastadas as fichas técnicas coas direccións dos centros, as rutinas diarias e repaso das superficies e elementos máis comunmente tocados como botóns, interruptores, pasamáns, tiradores e pomos de portas, mobles, teléfonos, baños, billas, barras de suxeición de nenos e nenas en aulas, cristais de portas e ventás á altura dos cativos, chan, etc...
- Atenderase igualmente as varandas da parte exterior das zonas de patio e elementos de xogo.
- As ferramentas, equipos de traballo... deberán hixienizarse tras o seu uso.

## 11.- PERÍODO DE ADAPTACIÓN

O período de adaptación na nosa Escola é unha parte moi importante do noso saber facer.

A adaptación, tal como recolle a lexislación, é programada en cada centro educativo, dependendo das súas circunstancias e formas de traballar.

Nos entendemos que este período é necesario en cada neno e nena para familiarizarse coa escola, cos adultos e cos iguais para chegar a sentirse a gusto e ser capaz de despedirse sen angustias, xa que dunha boa adaptación vai depender a súa actitude cara a escolarización.

Este curso escolar, o período de adaptación vaise facer dunha maneira diferente, pero sempre contando coas familias, xa que non só é un recordatorio da Escola e das súas rutinas para @s alumn@s que xa estaban na escola, e un coñecer para os/as nov@s alumn@s senón que despois de seis meses é un NOVO COMEZAR PARA TOD@S.

Cada un/unha ten o seu propio ritmo de adaptación e non temos que ter presas nin facer comparacións cos outros/as, senón que temos que respectar o seu tempo.

Neste comezo de curso, o momento de ter pais e nais nas aulas, vaise acurtar a tres días, polo tempo que nos toca vivir.

Neste documento estableceremos as normas para acceder á escola durante este tempo e como vaise a levar dentro da aula.

- Só poderedes estar na aula c@s nenos e nenas no horario que tedes asignado os días : 7,8 e 9 de setembro e sempre seguindo as indicacións do persoal do centro.
- Para estes días faremos grupos reducidos entre o alumnado para non ser moit@s na aula c@s adult@s.
- @s nen@s necesitarán dende O PRIMEIRO día un calzado desinfectado para uso exclusivo na escola que quedará na aula.
- Para poder entrar na aula o adult@ acompañante deberá poñer calzas que traerá da casa ou descalzarse e poñer uns calcetíns limpos e desinfectados.
- Os días 10,11,14 e 15 deixaredes @ nen@ na porta da aula pero os adult@s xa non poderedes entrar salvo indicacións do tit@r.
- Durante o período de adaptación procurade axilizar as entradas e as saídas da escola e manter en todo momento o uso das máscara nos adultos e a distancia social entre as familias.
- Se durante os días anteriores @s titor@s consideran que debes entrar ou chamarnos para vir a buscalo antes teredes que vir.

- Que non pasedes tempo na aula, como o faríamos en circunstancia normais, non significa que fagamos este período respectando os ritmos de cada un/unha e busquemos as mellores estratexias para conseguir chegar a bo porto.

ESCOOLA INFANTIL MUNICIPAL

ARELA

